

CONTROL SOCIAIS TEMA 8: A IDADE MODERNA

1. A Idade Moderna abarca desde...

- a) A caída do Imperio Romano de Occidente (476) ata o descubrimento de América (1492).
- b) O descubrimento de América (1492) ata a Revolución Francesa (1789).
- c) A invención da Imprenta (s XV) ata os nosos días.

2. Son acontecementos do século XV:

- a) O crecemento da poboación nas cidades, que permitiu que estas se convertesen nos lugares nos que se producían os intercambios comerciais.
- b) O humanismo, un movemento cultural que cambiou a visión medieval baseada na fe relixiosa.
- c) Todas as anteriores son correctas.

3. En que dous estamentos se dividía a sociedade na Idade Moderna?

- a) Privilexiados (campesiños, artesáns e comerciantes) e non privilexiados (nobreza e clero).
- b) Privilexiados (nobreza e clero) e non privilexiados (campesiños, artesáns e comerciantes).
- c) Privilexiados (o monarca e o clero) e non privilexiados (a nobreza alta e baixa).

4. A base da economía na Idade Moderna era...

- a) A agricultura
- b) A extracción de minerais: ouro, prata...
- c) O turismo

5. Que día chegou Cristovo Colón coas tres carabelas ás costas americanas?

- a) O 6 de decembro de 1492.
- b) O 25 de xullo de 1492.
- c) O 12 de outubro de 1492.

6. Sinala a afirmación correcta:

- a) Colón conquistou as illas do Caribe, Hernán Cortés o imperio azteca e Pizarro o imperio inca.
- b) Hernan Cortés conquistou as illas do Caribe, Colon o imperio azteca e Pizarro o imperio inca.
- c) Pizarro conquistou as illas do Caribe, Hernán Cortés o imperio azteca e Colón o imperio inca.

7. Os Reis Católicos conquistaron, ademais dos territorios de fóra de España,...:

- a) O reino de Navarra no 1492, as Illas Canarias en 1496 e Granada en 1512.
- b) As Illas Canarias no 1492, Granada en 1496 e o reino de Navarra en 1512.
- c) Granada no 1492, as Illas Canarias en 1496 e o reino de Navarra en 1512.

8. A dinastía dos Austrias está formada polos seguintes monarcas:

- a) Carlos I, Felipe II, Felipe III, Felipe IV, Carlos II e Carlos III.
- b) Carlos I, Felipe II, Felipe III, Carlos II e Carlos III.
- c) Carlos I, Felipe II, Felipe III, Felipe IV e Carlos II.

9. Monarca que non coñecía a lingua nin as costumes do país:

- a) Carlos I
- b) Carlos II
- c) Felipe II

10. En 1581 converteuse en rei de Portugal:

- a) Carlos I
- b) Carlos II
- c) Felipe II

11. Conflitos gañados polos españois durante o reinado de Felipe II:

- a) Expulsión dos mouriscos (1609) e Independencia de Portugal (1640).
- b) Batalla de San Quintín (1557) e Batalla naval de Lepanto (1571).
- c) Guerra de Sucesión (1700) e Batalla de tráfalgar (1805)

12. Durante o seu reinado tivo lugar a guerra dos Trinta Anos (1618-1648), entre católicos e protestantes:

- a) Felipe III
- b) Felipe IV
- c) Carlos II

13. A dinastía dos Borbóns durante a Idade Moderna está formada polos seguintes monarcas:

- a) Felipe IV, Fernando VI, Carlos II e Carlos III.
- b) Xoan Carlos I e Felipe VI.
- c) Felipe V, Fernando VI, Carlos III e Carlos IV.

14. Modernizou a economía e o exército e foi o impulsor do ensino público:

- a) Felipe V.
- b) Carlos III.
- c) Carlos IV.

15. De que estilo son as seguintes características?

“En arquitectura podemos salientar que era un estilo que buscaba as liñas rectas. En pintura e escultura os renacentistas procuraban o ideal do corpo humano, a simetría, a harmonía e transmitir tranquilidade”.

- a) Románico
- b) Renacemento
- c) Barroco

16. Como se chama o gran movemento cultural xurdido en España no século XVIII?

- a) Os Séculos Oscuros
- b) O gótico
- c) A Ilustración

17. Sinala a opción correcta:

- a) O Renacemento xorde no S XVI e o Barroco no S XVII, ambos naceron en Italia.
- b) O plateresco e o herreriano pertencen ao Renacemento e o churrigueresco pertence ao Barroco.
- c) Todas son correctas.

18. Sinala cal é unha característica da escultura no Renacemento:

- a) Predominaban as tallas en madeira con debuxos de tipo relixioso.
- b) As obras eran máis realistas e asimétricas.
- c) Son todas correctas.

19. Que estilo empregaba moito a liña curva e coidaba moito o adorno das fachadas?

- a) Románico
- b) Renacemento
- c) Barroco

20. Movemento cultural nacido en Italia a finais do século XIV e estendido posteriormente por toda Europa durante o Renacemento que pretendía por de relevo a dignidade e os valores do home e dar un sentido racional á vida, baseándose nos estudos dos clásicos gregos e latinos.

- a) A Ilustración.
- b) Os Séculos Oscuros.
- c) O Humanismo.